

**FORO:**  
**EMPRESA E UNIVERSIDADE:**  
**NECESIDADES FORMATIVAS E PRÁCTICA PROFESIONAL EN PTO**

**BOLETÍN DE INSCRICIÓN**

Nome e apelidos: .....

Tfno.: .....

Enderezo: .....

Cidade e C.P.: .....

E-mail: .....

Profesión: .....

Centro de traballo: .....

Data: .....

Nº de colexiado/a: .....

**Boletín de inscrición**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, informámosche de que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia existe un ficheiro co nome de "Actividades e servizos para os/as colexiados/as" no que se incluírán os teus datos profesionais e persoais unha vez inscrito/a no curso. A finalidade do mesmo é a xestión e tramitación das actividades e servizos que o Colexio che presta. A súa utilización e destino é exclusivamente colexial e para organismos afíns a este Colexio.

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio.

No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadro.

Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación, ou para revocar o teu consentimento, dirixíndose ás nosas dependencias na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)



Colexio Oficial  
de Psicoloxía  
de Galicia

Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
[copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)  
[www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)

**FORO:**

**EMPRESA E UNIVERSIDADE:**

**NECESIDADES FORMATIVAS E PRÁCTICA PROFESIONAL EN PTO**

**Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións**



Colexio Oficial  
de Psicoloxía  
de Galicia

**Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2017**

Brindamos un espazo para expoñer e debater sobre outro tema de interese en tempos de innovación e coñecemento, avances tecnolóxicos e de reflexión sobre as competencias profesionais no ámbito das Organizacións e os Recursos Humanos.

Abordar e valorar a formación académica adquirida e a súa posterior adaptación ao exercicio profesional sempre foi un tema controvertido na área de Psicoloxía do Traballo. Tan polémico como crucial. Supón abordar as rutas académicas establecidas e os seus plans formativos, a investigación, os cambios sociais, as estruturas e culturas das empresas, as súas esixencias, as políticas de empregabilidade e, ao mesmo tempo, revisar compromisos para que a transición ao mundo laboral sexa a máis idónea e satisfactoria tanto en termos de coñecemento e capacitación como de crecemento persoal e desenvolvemento profesional acorde coas demandas do posto de traballo.

Cambiemos impresións sobre a mudanza desde o espazo universitario ao mundo laboral para impulsar propostas que axusten as redes formativas á práctica profesional.

#### ORGANIZA

Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

#### COORDINA

José Luís Domínguez Rey.

#### LUGAR

Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.  
Rúa da Espiñeira, 10 - baixo 15706 Santiago de Compostela.

#### Nº DE PRAZAS

35.

#### INSCRICIÓN

Gratuíta.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico, ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

O foro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os socios e socias da Sección de PTO do COPG e membros da División de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número suficiente de inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o foro entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% do mesmo.

Último día de inscrición: 18 de outubro de 2017.

# PROGRAMA

## FORO:

## EMPRESA E UNIVERSIDADE:

## NECESIDADES FORMATIVAS E

## PRÁCTICA PROFESIONAL EN PTO

**10.45 h. Recepción e entrega da documentación.**

**11.00 h. Presentación e intervencións.**

**“O impacto do Espazo Europeo de Educación Superior na formación académica dos futuros e futuras profesionais da área de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións”.**

Dámaso Rodríguez Fernández.

Facultade de Psicoloxía.

Universidade de Santiago de Compostela (USC).

**“Universidade e empresa: Un *firstdate* institucional”.**

José Ortuño Vilurbina.

Xerente de Relevo Xeracional.

Repsol. Complexo Industrial da Coruña.

**12.00 h. Pausa - café.**

**12.30 h. Debate, propostas e conclusións.**